

**CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)**

Plaza V. Portomeñe, s/n- 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Tif: 982 46 62 01 - Fax: 982 46 63 52  
E-mail: info@concellocarballedo.es

D. JULIO MANUEL YEBRA PIMENTEL BLANCO, ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO),

**INFORMO**

O Concello organiza un "**CAMPAMENTO DE VERÁN**" a través do Programa Plan Corresponsables da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que se celebrará dende o **3 ata o 21 de xullo**. Este campamento ten como finalidade ofrecer a oportunidade de gozar do ocio e tempo de lecer ós/ás máis pequenos/as, con actividades lúdico-educativas que fomenten o seu desenvolvemento, a convivencia, a interculturalidade, así como posibilitar ás familias a conciliación familiar e laboral. N

Dita actividade é totalmente **gratuíta** e terá lugar nas instalacións municipais do Polideportivo, na Barrela, en horario de **9:00 a 14:00 da mañá** e será realizada por monitores con experiencia neste campo.

Poderán participar nenos/as con idades comprendidas entre **4 e 12 anos**, tendo preferencia os/as nenos/as empadroados no concello.

Para inscribirse e preciso remitir ao Concello unha **AUTORIZACIÓN** de participación na actividade acompañada dunha copia da Tarxeta sanitaria da neno/a.

Dita inscrición debe facerse no Concello antes do **28 de xuño**.

Carballedo a 9 de xuño de 2023.

O ALCALDE en funcións

